



CONVENIO ENTRE O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) EN RELACIÓN CO PROXECTO DE “INCUBADORAS DE ALTA TECNOLOXÍA PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN E A TRANSFERENCIA DA TECNOLOXÍA ÁS MICROPEMES” NO SECTOR DA AUTOMOCIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente da Oficina Competitiva Igape Nova do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Ente ten previsto formalizar co Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFV) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Sentar as bases para a cooperación entre as partes, no contexto da solicitude presentada baixo a modalidade de “proxecto de cooperación” á convocatoria da Fundación INCYDE para o desenvolvemento do proxecto “Incubadoras de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e a transferencia da tecnoloxía ás micropemes” (Nº Expediente: IAT1805) cofinanciado polo Programa Operativo FEDER de crecemento intelixente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O Consorcio da Zona Franca de Vigo é unha entidade de dereito público, creada por Decreto do 20 de xuño de 1947, con personalidade xurídica e plena capacidade para realizar cantos actos tendan a conseguir os seus fins, definidos no seu Estatuto Fundacional e no artigo 80.1º da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, entre os que se atopa a realización de actividades de fomento propias das administracións territoriais que o integran e, en xeral, a de contribuír ao desenvolvemento e dinamización económica e social da súa área de influencia.

O IGAPE é un ente de dereito público, creado pola Lei 5/1992 do 10 de xuño, con personalidade xurídica e patrimonio propios que ten entre as súas funcións promover a creación de empresas nos distintos sectores da actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega, favorecer a modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas galegas, proporcionar



información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras, así como apoiar e promover calquera tipo de actividades que contribúan á mellora do sistema produtivo de Galicia, especialmente as de maior importancia estratéxica.

Ambas as partes son coñecedoras da convocatoria da Fundación INCYDE para o desenvolvemento do proxecto “Incubadoras de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e a transferencia da tecnoloxía ás micropemes” (Nº Expediente: IAT1805) cofinanciado polo Programa Operativo FEDER de crecemento intelixente. Ambas AS entidades decidiron presentar en modalidade de cooperación unha candidatura na referida convocatoria para a posta en marcha dunha Incubadora de Alta Tecnoloxía especializada no sector da automoción, contribuíndo desta forma ao desenvolvemento do tecido produtivo dun sector estratéxico da Comunidade Autónoma de Galicia e priorizado dentro da estratexia de especialización intelixente RIS3, como é o sector da automoción e o seu auxiliar.

Tendo decidido acudir á mencionada convocatoria baixo a modalidade de “proxecto de cooperación”, é necesario comprometerse a asumir as obrigacións técnicas e financeiras esixidas na propia convocatoria, compromiso que se reflicte no presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O xerente da Oficina Competitiva Igape Nova